| Dependencia | | Sello o Certificación Mecánica |
|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | |

CONCELLO DE SANTIAGO

| Documento | Expediente | Fecha |
|---|---|---|
| CMG13I21F | CON/84/2018 | 10-12-19 09:44 |

Número 17 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela".

Destinatario

15078DCMG13I21Fp

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 09 de decembro de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 17 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 6 de novembro de 2019, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe de Intervención, con carácter de reparo con efectos suspensivos, número 1122/2019 de data 5.12.19.

Figura no expediente resolución do alcalde, de data 5.12.19, na que dispón resolver a discrepancia e o reparo que contén o dito informe de Intervención, e levantar a suspensión da disposición e recoñecemento das obrigacións correspondentes, para os efectos legais procedentes.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Gonzalo Muíños Sánchez,** concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e festas, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela*", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 3 de outubro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador COMPOSTELA MOVIL SA.

Segundo: Con data 22 de outubro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COMPOSTELA MOVIL SA (CIF: A15532690), ó ser a súa oferta a única presentada e axustarse aos requirimentos dos pregos de aplicación, comprometéndose a subministrar:

. un Toyota Land Cruiser 2.8L T/M 6v por un importe de 44.973,75 euros máis o IVE (21%: 9.444,49 euros). A esta cantidade se lle descontan 2.950,24 euros que compromete a empresa polos vehículos usados que o Concello entrega como parte do pago do prezo do contrato. Polo tanto, o prezo total a abonar resulta ser 51.468 euros IVE incluído.

. un Toyota Proace Verso 2.0L 150CV T/M 6v por un importe de 38.810,86 euros máis o IVE (21%: 8.150,28 euros).

Así mesmo, compromete un incremento de 8 horas no tempo de formación e a instalación de 2 "perrillos" de suxección na parte dianteira e traseira dos vehículos, así como un prazo de entrega de 45 días.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Parque de Bombeiros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 62400.”**

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Adxudicar o contrato de **"Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela"**, a favor da empresa COMPOSTELA MOVIL SA (CIF: A15532690), ao ser a súa oferta a única presentada e axustarse aos requirimentos dos pregos de aplicación, comprometéndose a subministrar:

. un Toyota Land Cruiser 2.8L T/M 6v por un importe de 44.973,75 euros máis o IVE (21%: 9.444,49 euros). A esta cantidade se lle descontan 2.950,24 euros que compromete a empresa polos vehículos usados que o Concello entrega como parte do pago do prezo do contrato. Polo tanto, o prezo total a abonar resulta ser 51.468 euros IVE incluído.

. un Toyota Proace Verso 2.0L 150CV T/M 6v por un importe de 38.810,86 euros máis o IVE (21%: 8.150,28 euros).

Así mesmo, compromete un incremento de 8 horas no tempo de formación e a instalación de 2 "perrillos" de suxección na parte dianteira e traseira dos vehículos, así como un prazo de entrega de 45 días.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Parque de Bombeiros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13600 62400.**

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org